



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Faro e Pena Maior

COMUNIDAD PROPIETARIA

COUSO

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Asperelo

RODEIRO

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Manuel Abeledo López.

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Lacreiro Prado.

VOCALIS

D. Antonio Gomez Pacios.

D. Luis M^a Ruíños Vidueira

D. Serafin Quinteiro Blanco.

VOCALIS REPRESENTANTES DA PARROQUIA

DE ASPERELO. RODEIRO

D. Luis Ledo Lamas

D. José Janeiro Sanchez.

SECRETARIA

D. Ramona C. Fernández Alvarez.

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezaioito horas do día 7 de xuño de mil novecentos noventa e catro, coa asistencia dos señores ó marxen reseñados reunese o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais , ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes " Faro e Pena Maior" pertencentes á Parroquia de Asperelo, Concello de Rodeiro.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Na data 31 de marzo do 1.992, tivo entrada neste Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais unha solicitude efectuada por uns cantos veciños do lugar de Couso, Parroquia de Asperelo, do

Concello de Rodeiro, pola que se solicitaba ó abeiro do disposto no artigo 11.1 da Lei 13/1989 , de 10 de outubro, a declaración de seren comunais dos veciños daquel lugar os que eles denominaban " Montes de Couso composto polas dúas parcelas que describían.

SEGUNDO.- De seguido o Xurado acordou abrirlo expediente de clasificación, procedendo a remitir a devandita solicitude e a documentación correspondente ó

Servicio de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Agricultura, Candería e Montes para o seu estudio e informe. Este último, non todo coincidía co que os solicitantes alegaran no seu escrito, agás, que a parcela nº 1 en troques das 72 has. posúe unhas 67,3 Has.. Asemade engadíase polo autor do informe que 20 has. da parcela de mención estaban arboradas con xénero pino de dous anos, e o resto con matos e pastos; mentres que a outra parcela atopábase totalmente repoboada con pinos duns seis anos con matos de toxo e ericas. Viña así este informe a dotar de veracidade ós alegados dos solicitantes, que xa co seu escrito inicial achegaran unha fotocopia do Real de Legos do Marqués de la Ensenada, do ano 1,753.

TERCEIRO.- A solicitude de clasificación dos veciños do lugar de Couso, Parroquia de Asperelo viña determinada pola seguinte descripción:

Parcela nº 1

CABIDA: 72 Has.

LINDES

NORTE: Propiedades particulares dos veciños de Couso e Pereiro.

SUR: Limite coa provincia de Lugo (termo municipal de Carballeda)

LESTE: Fincas particulares dos veciños de Couso.

OESTE: Monte dos veciños de Pereiro.

Parcela nº 2

CABIDA: 6,30 has

LINDES

NORTE: Lugar de Barrio, Parroquia de Asperelo.

SUR: propiedades particulares dos veciños do Couso.

LESTE: Provincia de Lugo.

OESTE: fincas particulares dos veciños de Couso.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS

Sanilo, Corbal, n.º 47 - A.

Telefone 96 60 26 - Fax 85 2327

36071 PONTEVEDRA

CUARTO.- De conformidade co informe emitido no seu día polo Servicio de Montes e Industrias Forestais as dúas parcelas obxecto de clasificación formando parte do monte coñecido " Paroe Pena Maior", correspóndese coas seguintes características:

PARCELA Nº 1

Cabida real 67,3 has. lixeramente inferior as 72 Has.estimadas polos veciños, linda.

NORTE: propiedades particualres dos veciños de Couso e Pereira.

SUR: Límite coa Provincia de Lugo, término de Carballedo.

LESTE: fincas particulares dos veciños de Couso.

OESTE: Monte dos veciños de Pereira.

Os límites e o croquis aportados axustanse o demandado polos veciños, según púidose comprobar sobre o terreo con data 7 de abril de 1993.

Estado Forestal: 20 has. arboladas con xenero pino (pinaster con algún rodal sylvestris nas partes máis altas) de 2 anos, resto do monte con matorral e pastos (cytisus Sp., Ulex Sp., Erica sp. e varias gramineas).

* PARCELA Nº 2

Cabida 6,3 Has, linda.

NORTE: Lugar de Barrio, Parroquia de Asperelo.

SUR: propiedades particulares dos veciños de Couso.

LESTE: Provincia de Lugo.

OESTE: fincas particulares dos veciños de Couso.

Os límites, croquis e cabida de esta parcela aportados, axustanse o demandado polos veciños.

Estado Forestal: totalmente repoblado con pino Sylvestre ómnios 6 anos con matorral de toxo e ericas.

Os membros do Xurado Provincial ó abeiro, fundamentalmente, do disposto no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, e no tamén artigo 1º do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, acordan, por unanimidade:

Declarar como veciñais en man común os montes " Faro e Pena maior" do lugar de Couso, Parroquia de Asperelo, Concello de Rodeiro tal e como se describen no nº 4 dos Antecedentes de Feito da presente Resolución, coa descripción gráfica contida no documento nº 1 que sellado e asignado por todos os membros do xurado acompaña a presente Resolución, formando parte inseparable da mesma.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES dende a notificación da presente Resolución ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 28 do seu Regulamento modificados ambo-los dous preceptos legais pola Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



